



Colexio Oficial Colexio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociais
Pontevedra Pontevedra

100
1925 - 2025

CONSTRUYENDO
EL FUTURO DE LAS
RELACIONES LABORALES

MEMORIA ANUAL 2025

ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE
GRADUADOS SOCIAIS DE PONTEVEDRA

Rúa Alfonso X O Sabio, nº 3 1º
36211 Vigo

+34 986 20 09 18
www.cograsop.com
cograsop@telefonica.net



COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DE GOBERNO

XUNTA XERAL ANUAL ORDINARIA

CONSELLO GALEGO DE GRADUADOS SOCIAIS

REUNIÓNS DE TRABALLO. PRESIDENCIA E XUNTA DE GOBERNO

INFORME DE SECRETARÍA

ACCIÓNS FORMATIVAS E INFORMATIVAS

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

V XORNADAS LABORALISTAS

XORNADAS TÉCNICAS

ACTOS SOLEMNES INSTITUCIONAIS

SERVIZO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO LABORAL

BOLSA DE EMPREGO

BASE DE DATOS

CENSO COLEXIADOS/AS

INFORME ANUAL DE XESTIÓN ECONÓMICA

PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

PRENSA E REDES SOCIAIS

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

O colexio de Graduados Sociais de Pontevedra rexeráse por unha Xunta de Goberno, que será o órgano de execución e xestión dos acordos da Xunta Xeral, desempeñará con carácter permanente a administración do colexio e terá en todo momento a plena representación da corporación. Está composta por un total de 9 membros, dos cales catro compoñentes son mulleres e 5 son homes.



PRESIDENTE
Raúl Eugenio Gómez Villaverde



VICEPRESIDENTA 1ª
Mercedes Veá Vázquez



VICEPRESIDENTA 2ª
Sandra Cid Conde



SECRETARIA
Noemí Sordo Herrero



TESOUREIRO
Marcos Plaza Precado



VOCAL EXERCENTE
Julio César Pintos Justo



VOCAL EXERCENTE
Mª. Teresa González Rodríguez



VOCAL EXERCENTE
José Antonio Pazó Calvar



VOCAL EXERCENTE
F. Javier Rego Martínez

COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DE GOBERNO

RELACIÓNS COA TGSS	RELACIÓNS CO INSS
<i>D. Marcos Plaza Precedo</i> <i>D. Julio César Pintos Justo</i>	<i>D. Marcos Plaza Precedo</i> <i>D. José Antonio Pazó Calvar</i>
RELACIÓNS CO SEPE	RELACIÓNS COA AEAT
<i>D. José Antonio Pazó Calvar</i> <i>D^a. M^a. Teresa González Rodríguez</i> <i>D^a. Sandra Cid Conde</i>	<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D^a. Noemí Sordo Herrero</i> <i>D^a. Mercedes Veá Vázquez</i>
RELACIÓNS COA ITSS	RELACIÓNS COAS MUTUAS
<i>D. José Antonio Pazó Calvar</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i> <i>D. Marcos Plaza Precedo</i>	<i>D^a. Noemí Sordo Herrero</i> <i>D^a. Mercedes Veá Vázquez</i>
COMISIÓN CULTURA E COMUNICACIÓN	SERVIZO DE ATENCIÓN A USUARIOS/AS E CONSUMIDORES/AS
<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D^a. Noemí Sordo Herrero</i> <i>D^a. Sandra Cid Conde</i>	<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i>
COMISIÓN DE IGUALDADE	NEGOCIACIÓN COLECTIVA
<i>D^a. Sandra Cid Conde</i> <i>D^a. M^a. Teresa González Rodríguez</i>	<i>D. José Antonio Pazó Calvar</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i> <i>D. Julio César Pintos Justo</i>
COMISIÓN CATASTRO	COMISIÓN INFORMÁTICA
<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D^a. M^a. Teresa González Rodríguez</i> <i>D. Julio César Pintos Justo</i>	<i>D. Julio César Pintos Justo</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i>

XUNTA XERAL ANUAL ORDINARIA

Na tarde do 25 de marzo, celebrouse na Sede Colexial a Xunta Xeral Anual Ordinaria, conforme ao establecido no artigo 58 da Orde do 15 de outubro de 2021, pola que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, ás 18:30 horas en primeira convocatoria e ás 19:00 horas en segunda convocatoria, desenvolvéndose de acordo ó seguinte ORDE DO DÍA:

- Lectura e aprobación, se é o caso, da acta da Xunta ordinaria anterior
- Exposición polo Presidente da actuación e desenvolvemento do Colexio durante o ano anterior, e do estado no que se atopan as xestións realizadas en defensa dos intereses dos colexiados e colexiadas
- Exame e aprobación, se é o caso, da Memoria Anual 2024
- Exame e aprobación, se é o caso, do balance e conta anuais de ingresos e gastos 2024
- Exame e aprobación, se é o caso, dos orzamentos para o exercicio 2025
- Proposicións, rogos e preguntas dos colexiados e colexiadas



A mesa estivo presidida por D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente de esta corporación; D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a; D^a. Noemi Sordo Herrero, Secretaria e D. Marcos Plaza Precedo, Tesoureiro.

CONSELLO GALEGO DE GRADUADOS SOCIAIS

No despacho do Colexio de Pontevedra na Cidade da Xustiza de Vigo, previa convocatoria no día 11 de xullo de 2025, celebrouse pleno extraordinario do Consello Galego de Graduados Sociais, no cal tomaron posesión como novos conselleiros: D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, D^a. Noemi Sordo Herrero, D. Francisco Javier Rego Martínez como representantes do Colexio de Pontevedra e D^a. Vanesa Gromaz Iglesias representante do Colexio de Lugo.



D. Raúl E. Gómez Villaverde



D. Francisco Javier Rego Martínez



D^a. Noemi Sordo Herrero



D^a. Vanesa Gromaz Iglesias



De esquerda a dereita: D. Alejandro Pérez Otero, Tesoureiro; D^a. Noemi Sordo Herrero representante designada Colexio Pontevedra; D. Raúl E. Gómez Villaverde, Conselleiro nato Colexio Pontevedra; D. Manuel Núñez Carreira, Presidente; D. José Lage Cerviño, Vicepresidente; D. Juan Martínez García, Vocal; D^a. Vanesa Gromaz Iglesias, representante Colexio Lugo; D. Javier Rego Martínez, representante designado Colexio Pontevedra

REUNIÓNS DE TRABALLO. PRESIDENCIA E XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno celebrou diversas reunións durante o ano 2025, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, organización colexial, formación para o colectivo, aprobación de expedientes de movementos colexiais, etc...Mantivéronse diversos actos institucionais e reunións de traballo para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos.

REUNIÓNS DE XUNTA DE GOBERNO

- ✓ 23 de xaneiro de 2025
- ✓ 27 de febreiro de 2025
- ✓ 25 de marzo de 2025
- ✓ 24 de abril de 2025
- ✓ 04 de xuño de 2025
- ✓ 26 de xuño de 2025
- ✓ 31 de xullo de 2025
- ✓ 22 de setembro de 2025
- ✓ 28 de outubro de 2025
- ✓ 18 de novembro de 2025

PRESIDENCIA

PLENOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA

- ✓ 07 de febreiro de 2025 en Valencia asistencia online
- ✓ 28 de marzo de 2025 en Madrid
- ✓ 23 de maio de 2025 en Madrid asistencia online
- ✓ 03 de xullo de 2025 en Madrid asistencia online
- ✓ 27 de setembro de 2025 en Córdoba asistencia online
- ✓ 24 de outubro de 2025 en Barcelona asistencia online
- ✓ 12 de decembro de 2025 en Madrid

COMISIONS DE TRABAJO

- **CATASTRO PARA O SEGUIMENTO DO CONVENIO PUNTO PIC**

13 de marzo de 2025.- D^a. M^a. Teresa González Rodríguez e D. Julio César Pintos Justo, membros da comisión de seguimento do Convenio Punto PIC Catastro; reúnense con D^a. Micaela Martínez Benavente, Xerente Territorial do Catastro de Pontevedra e D^a. M^a José González Estévez, Xefa de Servizo de Coordinación Procesos Catastrais (telemática), todo elo segundo o disposto no convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral, entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección Xeral do Catastro) e o Colexio Oficial de Graduados/as Sociais de Pontevedra, para o control do funcionamento do acordo.

- **COMISIÓN DE RELACIONES CON INSPECCIÓN DE TRABAJO**

03 de xuño de 2025.- D. Marcos Plaza Precedo e D. Javier Rego Martínez, membros da comisión, reúnense coa Xefa de Inspección, D^a. Ana Pouso Lijo

❄️ REUNIÓN DE TRABAJO, ACTOS REPRESENTACIÓN

Xaneiro 2025

14 de xaneiro de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

28 de xaneiro de 2025. Acto Académico Festividade San Tomé Aquino

O Presidente, D. Raúl E. Gómez, asiste ao acto académico da festividade de San Tomé de Aquino no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.





Febreiro 2025

07 de febreiro de 2025. Festividade anual da Avogacía de Vigo

O Colexio Oficial de Avogados de Vigo, celebra os actos da festa anual de avogacía o día, venres 07 de febreiro; no que impoñen a “Insignia de Oro” do Colexio aos avogados e avogadas e se procede ao xuramento ou promesa do cargo dos novos letrados e letradas. Asiste ao acto a Secretaria, Noemí Sordo.

22 de febreiro de 2025. Reunión cos Presidentes de Castilla e León

O Presidente, D. Raúl E. Gómez, reuniuse na cidade de León con todos os Presidentes de Castilla e León.

25 de febreiro de 2025. Lexnet en Prácticas

O Presidente, D. Raúl E Gómez Villaverde, mantén unha reunión con D^a. Belén Fernández Docampo, Vicedecana de RRLL e RRHH e Coordinadora do Grao Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; na que presentou e informou da posta en marcha da plataforma LexNet Prácticas para os alumnos e alumnas da Facultade.

Dende a comisión de Xustiza do Consejo General de Graduados Sociales de España, realizouse a petición ao Director Xeral de Transformación Dixital da Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo; de poñer en marcha unha aplicación de Lexnet en prácticas, para os alumnos/as do Grado de RRLL e RRRHH, sendo esta atendida axilmente e que estivo funcionando como proba piloto ata o seu lanzamento.

27 de febrero de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

Marzo 2025

12 de marzo de 2025. Participación nos Actos para Conmemorar o 8M da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo xunto co Decanato e a Coordinadora de Igualdade

Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2ª e membro da Comisión de Igualdade do Colexio, participou no acto conmemorativo polo 8 de Marzo “*Día Internacional da Muller*” que se celebrou no Salón de graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo, dentro do Ciclo de actividades: Garantindo a igualdade.



O acto comezou cunha mesa redonda sobre a Igualdade de Xénero: As institucións como garantía da igualdade; na que Sandra Cid, transmitiu a todo o alumnado que é un Colexio Profesional, informando de todos os datos desagregados por sexo das persoas colexiadas e todas as accións que o Colexio levou a cabo en prol da

igualdade durante os anos 2023, 2024 e 2025 ademais de animalos a que se incorporen ao seu Colexio Profesional.



Durante a mesa redonda estivo acompañada por María Dolores Fernández Galiño, Valedora do Pobo de Galicia; Lourdes Carballo Fidalgo, Decana do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo; María Quintiana Pérez, Directora xeral de Promoción dá Igualdade e por Blanca Otero Otero, Profesora axudante doutor a de Dereito Procesual da Universidade de Vigo que actuou como moderadora.



13 de marzo de 2025. Reunión da Comisión de Relacións co Catastro

D^a. M^a. Teresa González Rodríguez e D. Julio César Pintos Justo, membros da comisión de seguimento do Convenio Punto PIC Catastro; reúnense con D^a. Micaela Martínez Benavente, Xerente Territorial do Catastro de Pontevedra e D^a. M^a José González Estévez, Xefa de Servizo de Coordinación Procesos Catastrais (telemática), todo elo segundo o disposto no convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral, entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección Xeral do Catastro) e o Colexio Oficial de Graduados/as Sociais de Pontevedra, para o control do funcionamento do acordo.



26 de marzo de 2025. Gala de Entrega de Galardóns Vigueses Distinguidos e Medalla da Cidade 2025

O mércores 26 de marzo de 2025, D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a e D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria; en representación do noso Ilustre Colexio

Oficial de Graduados/as Sociais de Pontevedra, asistiron á Gala de entrega das Medallas da Cidade e dos premios Viguesas e Vigueses Distinguidos de 2025

LISTA DE VIGUESES E VIGUESAS DISTINGUIDOS/AS 2025:

- Madres Asociación Érguete contra a droga
- Xesús Alonso Montero, escritor
- Multicines Norte
- Colexio EEI Villa Laura
- CEIP A Doblada
- Antonio Durán «Morris»; actor
- Asociación Alento de dano cerebral
- Coral María Auxiliadora
- Consello Municipal da Muller
- Antonio Mínguez, periodista
- Bombeiros e policía locais que axudaron en Valencia tras o desastre da DANA
- Enrique García Chillón, CEO de Profand

A título póstumo:

- Iván Martínez Santiago, expresidente do Banco de Alimentos.
- Marta Souto, exsecretaria Xeral para o Deporte.
- Sergio Sanlés Domínguez, bombeiro falecido no acto de servizo.

MEDALLAS DE OURO DA CIDADE:

- Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI)
- A Fe Seguros





Abril 2025

03 de abril de 2025. EMPREGOinCAMPUS

O Colexio participa na Feria de EMPREGOinCAMPUS 2025 que tivo lugar na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Vigo cun corner informativo no que se mostrou todos os servicios que ofrece o futuro colexio profesional dos e das estudantes do Grado de Relacións Laborais e RRHH





07 de abril de 2025. Asemblea Xeral CEP

O Presidente asiste a Asemblea Xeral da Confederación Empresarial de Pontevedra cuxa clausura estivo a cargo de Manuel Campo Vidal, recoñecido periodista e profesor de comunicación.



08 de abril de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

Maio 2025

14 de maio de 2025. Reunión Tesourería Xeral da Seguridade Social

O Presidente reúne na Dirección Provincial da TGSS de Pontevedra, na que tratou diversos asuntos relacionados coa xestión dos expedientes nos que se interpuxo recurso de alzada, en particular:

- A posibilidade de solicitar a suspensión cautelar da débeda, mentres se resolve dito recurso
- Análises da competencia da Dirección Provincial na tramitación de estas solicitudes de suspensión.
- Interpretación e aplicación da normativa vixente nesta materia, en especial o disposto no artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 23 do Real Decreto 520/2005, polo que se aproba o

Regulamento Xeneral de desenvolvemento da Lei Xeral Tributaria en materia de revisión.

O fin foi valorar coa Dirección Provincial as vías de actuación mais adecuadas para garantir a defensa dos dereitos do administrado sen que se xere prexuízo económico pola execución prematura de resolucións non firmes.

20 de maio de 2025. Audiencia coa S.M. O Rei

O Rei recibe en audiencia ao Consejo General de Colegios Oficiales de Graduados Sociales. Con motivo da conmemoración do Centenario da Profesión de Graduado Social, A súa Maxestade o Rey Don Felipe VI tivo a ben recibir en audiencia a unha representación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, no palacio da Zarzuela

Este acto constitúe un recoñecemento institucional de gran importancia para todos e todas as persoas que formamos parte desta profesión, e representa unha oportunidade histórica para poñer en valor o papel que os Graduados e Graduadas Sociais habemos desempeñado ao longo destes cen anos ao servizo da Xustiza Social, as relacións laborais e o benestar da cidadanía. Raúl Gómez Villaverde acudiu en representación dos Graduados e Graduadas Sociais da provincia de Pontevedra.



22 de maio de 2025. Acto institucional de entrega dos Premios Centenario e da Gran Cruz da Xustiza Social

Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2ª e membro da Comisión de Igualdade do Consejo General de Graduados Sociales; asiste en Madrid a entrega dos Premios Centenario e a imposición da Gran Cruz da Xustiza Social, evento enmarcado nas celebracións polo Centenario da Profesión de Graduado Social.

O acto, presidido polo presidente do Consello Xeral, Joaquín Merchán Bermejo, serviu para recoñecer a labor de institucións crave como o Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, así como á empresa Telefónica, pola súa destacada contribución ao desenvolvemento da profesión e á Xustiza Social en España.

Así mesmo, distinguiuse coa Gran Cruz da Xustiza Social aos expresidentes do Consello Xeral, José Blas Fernández Sánchez e Ricardo Gabaldón Gabaldón.



23 de maio de 2025. Acto Académico de Clausura do Máster en Xestión e Dirección Laboral

Unha vez recibida a invitación do Coordinador do Máster, o profesor Alexandre Pazos Pérez e o Secretario Académico, Alberto Vaquero García na que informaban que o venres 23 de maio ás 17:00 h. tería lugar o acto de clausura do Master. Confírmase asistencia, en representación do Colexio, de D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a

O Acto foi presidido pola Vicedecana e coordinadora do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e contouse coa presenza de D^a. Delaira López Sanguos, Directora provincial do INSS en Pontevedra que impartiu a conferencia de clausura.

26 de maio de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, celebrarán unha reunión telemática para analizar o proxecto de automatización de procedementos xudiciais remitido pola DGTDJ e de este xeito remitir as propostas oportunas.



Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra

28 de maio de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

Xuño 2025

03 de xuño de 2025. Reunión da comisión de relacións coa Inspección de Trabajo

D. Marcos Plaza Precedo e D. Javier Rego Martínez, membros da comisión, reúnen-se coa Xefa de Inspección, D^a. Ana Pouso Lijo

05 de xuño de 2025. II Xornada Laboralista de A Coruña e Ourense

D. Raul E. Gómez Villaverde, Presidente e D^a. Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2^a; asisten á II Xornada Laboralista que, en colaboración coa Fundación Xustiza Social do Consejo General de Colegios Oficiales de Graduados Sociales de España, celebraron o día 05 de xuño na Sala de Conferencias do Pazo de Mariñan en Bergondo-A Coruña

XORNADA LABORALISTA DA CORUÑA E OURENSE
PAZO DE MARIÑÁN • 5 de XUÑO de 2025

Dirixida a TODOS os profesionais do Dereito do Traballo e Seguridade Social, Recursos Humanos, Estudantes do Grao en Relacións Laborais e RR.HH.

Sala de Conferencias do Pazo de Mariñán
Pazo de Mariñán, S/N, 15165, Bergondo (A Coruña)

ORGANIZA:
FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL
Colexio Xeral de Graduados Sociais de Ourense
Colexio Oficial de Graduados Sociais A Coruña e Ourense

16:30 h. Recepción de asistentes
16:45 h. Acto de apertura
17:15 h. Relatorio impartido por:
D. Ignasi Beltrán de Heredia Ruiz, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, director dos Estudos de Dereito e Ciencia Política Universitat Oberta de Catalunya
18:30 h. Relatorio impartido por:
Excmo. Sra. D^a María Luisa Segoviano Astaburuaga, Magistrada do Tribunal Constitucional
19:45 h. Acto de clausura
20:00 h. Cóctel de despedida

Información e inscricións
Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense
Rúa Morfante, 12 baixo, 15007 - A Coruña
Tel. 981 151 876 - e-mail: colegio@graduadosociales.org
www graduadosociales.org
Data límite de inscrición ata o 29/05/2025
GRATUITA, prazos limitados. Imprescindible confirmar asistencia

PATROCINADORES:
Santander, antea, Wolters Kluwer, GL BALFINANZ, procesia

COLABORADORES CONTINGENTE:
SEF, udima, L@ndin

COLABORAN:
Deputación da Coruña, XUNTA DE GALICIA, XUNTA DE GALICIA, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Consellería de Economía, Emprego e Formación, Consello Xeral de Relacións Laborais



06 de xuño de 2025.- Acto Académico de Gradación da XIII Promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo

O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra participou na cerimonia de Gradación de Grao en RR.LL. e RR. HH. da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Acudiu en representación do Colexio D. Raúl E. Gómez Villaverde, presidente e a súa vez participou na mesa institucional. Nesta ocasión, D^a. Amelia Pérez Álvarez, Secretaria Xeral de CCOO de Galicia, foi a madriña externa da Promoción.

D^a. Rosa María Rodríguez Martín-Retortillo, profesora doutora de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo, como madriña da promoción e de D. Javier Eloy Álvarez Prego de Oliver, profesor de Organización de Empresas, como padriño.

09 de xuño de 2025.- Reunión co SMAC de Pontevedra

A iniciativa do Presidente do Colexio, solicítase unha reunión con D. José Antonio Rodríguez Fachado, Director Territorial da provincia de Pontevedra, na que tratar sobre a situación xerada nas instalacións do SMAC de Pontevedra, xa que os espazos que ata o de agora viñamos utilizando – sala de espera e a sala de reunións- xa non están dispoñibles. Polo que é preciso a habilitación dun espazo adecuado para poder realizar as conversacións, acordos etc e así desenvolver o traballo dun xeito apropiado e confidencial.

12 de xuño de 2025.- Xornada sobre "A mediación intraxudicial e transformación procesual: a xurisdicción social ante a LO 1/2025"

D. Raul E. Gómez Villaverde, Presidente asiste á xornada sobre "A mediación intraxudicial e transformación procesual: a xurisdicción social ante a LO 1/2025", que organiza o CGRL en Santiago de Compostela o día 12 de xuño.





Colexio Oficial Colexio Oficial
 Graduados Sociais Graduados Sociales
 Pontevedra Pontevedra

19 de xuño de 2025. III Xornada Laboralista do Consello Canario e 50 Aniversario

Con motivo do 50º Aniversario do Colexio de Graduados Sociais de Santa Cruz de Tenerife tiveron lugar uns actos conmemorativos entre os que se destacan a organización da III Xornada Laboralista de Canarias, aos cales asistiu en representación do Colexio, o Presidente D. Raul E. Gómez Villaverde

A presidenta do Consejo Canario e presidenta do Colexio de Santa Cruz de Tenerife, Mercedes Leonor Morales Alonso agradeceu a tódolos asistentes a súa presenza nestes importantes actos, que serviron para lembrar a historia e poñer en valor o papel da profesión dentro da sociedade tinerfeña. Uns actos que congregaron a numerosas autoridades e colexiados que asistiron a estas interesantes xornadas.

III JORNADA LABORALISTA DEL CONSEJO CANARIO
 19 DE JUNIO DE 2025

Dirigida a TODOS los profesionales del Derecho del Trabajo y Seguridad Social; Recursos Humanos; Estudiantes del Grado en Relaciones Laborales y RR.HH.

HOTEL MENCEY
 C. Dr. José NAVIERAS, 38 • 38004 • SANTA CRUZ DE TENERIFE

ORGANIZA:
 FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL
 Consejo General Graduados Sociales de España
 Consejo Canario Graduados Sociales

09:00 h. Registro y bienvenida.
09:45 h. Inauguración de las Jornadas.
10:00 h. PRIMERA PONENCIA: "Cuestiones actuales en materia de registro de jornada".
 Sr. Dña. Yolanda Cano Galán, Catedrática Derecho del Trabajo y Seguridad Social de la Universidad Rey Juan Carlos. Ex Letrada del Tribunal Supremo, Of Counsel en Saldemartín Abogados.
11:00 h. Pausa-café.
11:30 h. SEGUNDA PONENCIA: "El despido como quimera: escenarios actuales".
 Sr. D. Rodrigo Martín Jiménez, Profesor Titular de Derecho del Trabajo en la Universidad Rey Juan Carlos.
12:30 h. TERCERA PONENCIA: "Jubilación parcial y activa tras la reforma del RD LEY 11/2024".
 Sr. D. Guillermo Barrios Baños, Catedrático de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social en la Universidad Rey Juan Carlos, Of Counsel en Laborretes Abogados.
14:00 h. Almuerzo en Real Casino de Tenerife.
17:00 h. MESA DE DEBATE sobre economía sumergida.
 Introducción a cargo de D. José Traslaviera de Dios, Jefe Provincial de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social de Santa Cruz de Tenerife.
 Con la participación de:
 • D. Pedro Alfonso Martín, Presidente CCOO Tenerife.
 • D. Juan Antonio Jiménez Aranz, Presidente del IRETE.
 • Dña. Elena Otero Sotomayor, Directora Provincial de la RGS de Santa Cruz de Tenerife.
 • D. José Ramón Rodríguez Albertas, Director General de Trabajo del Gobierno de Canarias.
 • D. José Luis Guerrero Romero, Graduado social colegiado de Santa Cruz de Tenerife.
18:30 h. Descanso.
19:00 h. Celebración del 50 aniversario del Colegio Oficial de Graduados Sociales de Santa Cruz de Tenerife. Reconocimiento a los Miembros de Junta de Gobierno de la Historia del Colegio.
20:30 h. Clausura de la jornada.
21:00 h. Cóctel de clausura en Hotel Mencey.

Información e inscricións
 Consejo Canario de Graduados Sociales
 Avda. 25 de Julio, 19 • 38004 • Santa Cruz de Tenerife
 Tel.: 922 53 22 35 • consejocanario@graduadosocastaff.org

Fecha límite de inscripción jornadas hasta el 17/06/2025 y almuerzo hasta el 11/06/2025

Formulario de inscripción

PATROCINADORES:
 Santander, antea, Wolters Kluwer, GLOBALFINANZ, procesa, Cerebruria de Seguros

COLABORADORES CENTENARIO:
 JEF, udima, LEXIA GO, LEFEBVRE

COLABORAN:
 Sabadell Profesional, BARRANZANO LA LEY, UCAM, Gobierno de Canarias, Santa Cruz de Tenerife, cegid, castilla, vitaly



Xullo 2025

01 de xullo de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

15 de xullo de 2025. Asistencia á toma de posesión do Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

O Presidente asiste ao Solemne Acto de Toma de Posesión do Excmo. Sr. D. Ignacio Picatoste Sueiras como Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que se celebrou na Sala Primeira do TSX de Galicia baixo a presidencia da Excma. Sra. D^a. María Isabel Perelló Doménech, Presidenta do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial



22 de xullo de 2025. Celebración do Día de Galicia no Concello de Vigo

D^a. Mercedes Vea, Vicepresidenta 1^a e D^a. Noemí Sordo, Secretaria; asisten, en representación do Colexio aos actos de Celebración polo Día de Galicia en Vigo que tivo lugar nos xardíns do Pazo Museo “Quiñones de León”



24 de xullo de 2025. Acto de entrega de Medallas da Xunta de Galicia

O Presidente, asiste ao acto de entrega de Medallas de Galicia no Museo Centro Gaias na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela o día 24 de xullo, que foron entregadas a os Alcaldes de Oporto (Rui Moreira) e Braga (Ricardo Rio), entre outros galardoados homenaxeando a persoas e institucións destacadas, incluíndo a cooperación con Portugal. Previamente, no día 14 de xullo, entregouse a Medalla de Ouro á Súa Alteza Real a Princesa de Asturias, Doña Leonor de Borbón y Ortiz, recoñecendo a presenza da Princesa en Galicia e a súa relación coa Coroa, xusto antes de finalizar a súa formación na Escola Naval de Marín.



Setembro 2025

25 e 26 de setembro de 2025. XV Asemblea Nacional de Xuntas de Goberno de Graduados Sociais de España e I Congreso Internacional de Dereito do Traballo

O Colexio estivo presente na XV Asemblea Nacional de Xuntas de Goberno de Graduados Sociais de España e no I Congreso Internacional de Dereito do Traballo, que se celebrou en Córdoba os días 25 e 26 de setembro de 2025.

Estivo representado por Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2ª e Teresa Gonzalez Rodríguez, Vocal, que participaron activamente neste encontro tan relevante para o presente e futuro das relacións laborais.

Unha oportunidade única para compartir experiencias, reflexións e construír en equipo e como colectivo o camiño de nosa profesión no seu centenario (1925-2025).



Durante a celebración do I Congreso Internacional de Dereito de Traballo do Consejo General de Colegios Oficiales de Graduados Sociales de España. Hubo a oportunidade de asistir e aprender de relatorios de altísimo nivel:

- Mesa Redonda con Membros da WALP: Competencias e Desenvolvemento Profesional da Profesión de Graduado Social e Profesionais Laborais noutros Países.
- Lei Aplicable e Xurisdición Competente nas Relacións Laborais Internacionais. Relator: Sr. D. Tomás Sala Franco. Catedrático de Derecho do Traballo e da Seguridade Social.

- A Tutela dos Dereitos Fundamentais no ámbito laboral ante o Tribunal Constitucional. Relatores: Sr. D. Jose Joao Abrantes. Presidente do Tribunal Constitucional de Portugal e o Sr. D. Cesar Tolosa Tribiño. Maxistrado do Tribunal Constitucional de España.
- A Carta Social Europea e a súa Aplicación no Ordenamento Xurídico Español. Relatores: Sr. D. Juan Martínez Moya. Maxistrado da Sala IV do Tribunal Supremo e a Sra. Dña. Carmen Salcedo Beltrán. Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Membro do Comité Europeo de Dereitos Sociais.
- Cuestións relevantes da Xurisprudencia máis recente da Sala IV do TS e TJUE. Relatores: Sra. Dña. Ana María Orellana Cano. Maxistrada da Sala IV do Tribunal Supremo e a Dra. Dña. María Salas Porras. Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social



26 de setembro de 2025. Asistencia acto toma posesión Presidente Audiencia Provincial de Pontevedra

Jacinto José Pérez Benítez tomou posesión do seu cargo como novo presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra. O Maxistrado incidiu na necesidade de crear máis prazas de xuízas e xuíces para facer fronte ao incremento de casos, especialmente na xurisdición civil, que “ameaza con colapsar o sistema”.

No seu discurso, destacou que a taxa de litixiosidade de Vigo é “a máis alta de Galicia, non só cuantitativamente, senón tamén desde a valoración cualitativa da complexidade dos asuntos”, algo que afecta “tanto á xustiza de instancia como,

singularmente, ás seccións desprazadas da Audiencia Provincial, en particular á sección sexta”.

O acto, presidido por Ignacio Picatoste Sueiras, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, celebrouse ante o pleno da Sala de Goberno. O novo presidente da Audiencia foi apadriñado polo presidente da Sala Primeira do TS, Ignacio Sancho Gargallo, e a maxistrada da Sala Terceira do TS Sandra María González de Lara Mingo.

O acto contou coa presenza de diversas autoridades, asistindo por parte do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, o presidente Raúl Eugenio Gómez Villaverde e o vogal Julio César Pintos Xusto.



Outubro 2025

20 de outubro de 2025.- O Consejo General de Graduados Sociais participa na presentación da rede de especialistas de igualdade da carreira xudicial organizado polo Consello Xeral do Poder Xudicial

A Rede de Especialistas en Igualdade do Consello Xeral do Poder Xudicial (REI) iniciou oficialmente a súa actividade coa constitución dos seus primeiros grupos de traballo. A REI nace co fin de proporcionar apoio técnico e ofrecer información especializada a toda a Carreira Xudicial en materias vinculadas á aplicación do

principio de igualdade: o acceso á xustiza e o axuízamento con perspectiva de xénero, así como a promoción da igualdade de oportunidades e a conciliación laboral. A súa creación inspirase en redes consolidadas do CGPJ como a REDUE (Rede de Especialistas en Dereito da Unión Europea) e a REJUE (Rede Judicial Española).

O acto de inauguración estivo presidido pola presidenta do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, Isabel Perelló, e contou coa intervención inaugural da xurista e ex-presidenta do Tribunal Constitucional, María Emilia Casas. Este acto contou cunha mesa redonda que tratou sobre a evolución da igualdade no sistema de Xustiza: compromiso institucional e garantía de dereitos, no que participou Sandra Cid Conde, vicepresidenta 2º e membro da Comisión de Igualdade do Consejo General de Graduados Sociales.



23 de outubro de 2025.- Inauguración do centro asistencial Asepeyo Vilagarcía de Arousa

D^a. Mercedes Vea, Vicepresidenta 1^a e membro da comisión de relacións coas Mutuas Colaboradoras da Seguridade Social, asiste á inauguración do centro asistencial da mutua Asepeyo en Vilagarcía de Arousa, que consistiu nuns parlamentos e unha visita guiada. No acto asistiu o Ilmo. Sr. Alberto Varela Paz, alcalde de Vilagarcía de Arousa e a Sra. Adriana Bronte Peñalva, secretaria xeral de Asepeyo.



Novembro 2025

4 de novembro de 2025. Reunión da Comisión De Xustiza CGCOGSE

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

07 de novembro de 2025. Actos Institucionais Colexio Oficial Graduados Sociais de A Coruña e Ourense

D. Raul E. Gómez Villaverde, Presidente participa, tras a invitación recibida do Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense; na Cerimonia de Xura ou Promesa dos novos e novas persoas colexiadas do seu colexio, que se celebrou no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia coa presenza do Excmo. Sr. D. Ignacio Alfredo Picatoste Sueiras e na posterior Cea – Baile de Confraternidade da Corporación no Pazo de Vilaboa.



17 de novembro de 2025. Acto Solemne de Toma de Posesión da Excm. Sra. Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

D. Raul E. Gómez Villaverde, asiste ao Acto Solemne de Toma de Posesión da Excm. Sra. Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, D^a. Carmen Eiró Bouza na sala primeira do Tribunal Superior de Xustiza da Coruña; converténdose nunha xornada histórica por ser a primeira muller en asumir este cargo. A cerimonia estivo presidida polo fiscal xeral do Estado, D. Álvaro García Ortiz.



20 e 21 de novembro de 2025. 21º Encontro Galego de Relacións Laborais

Os días 20 e 21 de novembro, o Colexio participou no 21º Encontro Galego de Relacións Laborais, representado polo Presidente, Raúl Gómez. O encontro, celebrouse no Pazo de Rial en Vilagarcía de Arousa e reuniu a organizacións sindicais, empresariais e representantes da administración autonómica, consolidándose como un espazo de debate sobre os desafíos actuais do mercado laboral en Galicia.

Durante o encontro presentáronse conclusións consensuadas orientadas a modernizar a negociación colectiva e optimizar os procesos de mediación en Galicia. Entre os acordos destacan: o desenvolvemento dun catálogo de cláusulas innovadoras para convenios colectivos, a renovación de acordos obsoletos e a mellora da regulación en áreas como a incapacidade temporal e os despedimentos. Así mesmo, reafirmouse a preferencia pola presenza nas mediacións do Acordo Interprofesional Gallego (AGA), a introdución da perspectiva de xénero nos procesos e a mellora da formación de mediadores.



21 de novembro de 2025. Comida confraternidade da xurisdición social

O Presidente, Raul Gómez e a Secretaria, Noemí Sordo; asisten a comida de confraternidade organizada pola xurisdición social no Hotel Coia en Vigo.

Decembro 2025

10 de decembro de 2025. Reunión co SMAC de Pontevedra

Mantense unha reunión co Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais, Don Pablo Fernández López, para tratar a situación das instalacións do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) de Pontevedra.

Durante o encontro, o Secretario Xeral trasladou a súa total disposición e informou amablemente de que, desde ese momento, está dispoñible a sala de reunións

situada nas propias instalacións do SMAC para a súa utilización por parte das persoas colexiadas.



Esta sala poderá empregarse para conciliar, manter reunións, esperar ou para calquera outro mester relacionado coa actividade profesional desenvolvida no ámbito do SMAC de Pontevedra.

Así mesmo, indicóusenos que esta medida ten carácter provisional, xa que a Consellería continuará estudando alternativas con vistas a unha posible recolocación máis eficiente e eficaz dos espazos, dado que a sala actualmente habilitada atópase algo afastada da zona destinada aos letrados do servizo.

A partir da data, por tanto, dita sala queda ao dispor de todos os compañeiros e as compañeiras para o seu uso profesional no contexto de negociacións ou reunións vinculadas ao SMAC de Pontevedra.

12 de decembro de 2025. Entrega dos Premios ao Mérito Social

O Senado acolleu os Actos Institucionais do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e da Fundación Xustiza Social Oficial, celebrados con motivo da entrega dos Premios Mérito Social, que desde hai máis de 20 anos recoñecen a contribución ao desenvolvemento social, laboral e xurídico do noso país.

O noso Colexio estivo representado polo Presidente Raúl Gómez Villaverde e a Vicepresidenta 2ª Sandra Cid Conde, e fíxose entrega ao maxistrado do Social do TSXG, D. José Fernando Lousada Arochena, que a proposta do noso Colexio, foi distinguido coa Mención de Honra á Xustiza polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España.

Durante a cerimonia, o xornalista galego José Manuel Pan recibiu a Mención de Honra “Mérito Social ao mellor labor xornalístico en prol da Xustiza Social 2025”, a proposta do Colexio Graduados Sociais A Coruña e Ourense, destacado pola súa traxectoria marcada polo compromiso social, a ética profesional e a proximidade coa cidadanía.





15 de decembro de 2025. Asemblea CEP

A CEP, celebrou a súa Asemblea Xeral á que foi convidado o Presidente do colexio, D. Raúl E Gómez Villaverde. O acto de clausura tivo lugar no salón de actos da súa sede e interveu o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela e o Director de Economía de CEOE, D. Gregorio Izquierdo Llanes.



INFORME DE SECRETARÍA

- Xestión correspondencia
 - Rexistro de entrada/Rexistro de saída.
- Xestión correo electrónico
 - Enderezos electrónicos.
 - Altas/baixas/modificacións novas contas de correo electrónico co dominio @cograsop.com
- Abastecementos
 - Venta Calendarios Laborais.
 - Venta Libro de Subcontratación.
- Información colexial.-Expedición de carnés de colexiados/as.
- Consultas de colexiados/as e chamadas telefónicas atendidas.
- Circulares Informativas “Novidades”, confección e traslado e-mail colexiados/as.
- Expedición de certificados.
- Entrega de documentación informativa.
- Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e modificacións colexiais.
- Confección de documentación, trípticos etc. para cursos.
- Organización e seguimento de execución acordos de xuntas de goberno, visitas institucionais e outras reunións ordinarias.
- Facturación de pedidos.
- Confección Nóminas, Seguros Sociais do persoal do Colexio.

- Siltra -transmisións Rede do persoal do Colexio.
- Tributación trimestral telemática, IRPF persoal do colexio.
- Tributación telemática IRPF por conferencias, seminarios, cursos...
- Facturación e recibos colexiais.
- Contabilidade, fiscalidade. Contas e memoria anual- transmisión Rexistro mercantil.
- Seguimento disposicións de interese normativo.
- Elaboración Boletín Informativo diario, envío colexiados/as mediante e-mail.
- Web do Colexio.
- Formacións en streaming, edición da gravación e actualización na zona privada da páxina web do Colexio
- Altas, baixas colaboradores colexiados na AEAT.
- Control e seguimento da Bolsa de traballo.
- Control e atención biblioteca.
- Elaboración cartelería e difusión XT anuais- correspondencia Organismos- invitacións saúdas.
- Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos e xornadas.
- Redacción da Memoria Anual. Elaboración material cursos, seminarios.
- Deseño e revisión de Calendarios de sobremesa.
- Calendarios Laborais, revisión anual para impresión.
- Control e Venda de Lotería do Nadal.
- Control do uso da Sala de Togas nos Xulgados do Social de Vigo e Pontevedra.



- *Como resultado do uso das togas nos Xulgados de Vigo, extráese que a duración media de estancia nos xulgados foi dunha hora e quince minutos. Fixeron uso das instalacións un total de 20 colexiados/as, dos cales dous pertencen a colexios doutras provincias. Do total de persoas usuarias, o 56 % son homes e o resto, mulleres. Por último, cómpre indicar que o mes no que se rexistrou unha maior afluencia foi o mes de xullo.*
- Control seguimento Convenios Colaboración Entidades.
- Xestión e tramitación de expedientes da Dirección Xeral do Catastro
- Xestión e tramitación de expedientes de Solicitud de Nacionalidade
- Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores.
- Control e peticións de tarxetas Criptográficas LexNET.
- Asistencia colexial consultas LexNET.
- LEXNET- Seguimento, Incidencias, Xestións Administrador LEXNET.
- Xestión das citas do Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuíto.


ACCIÓNs FORMATIVAS E INFORMATIVAS

ORGANIZADAS POLO COLEXIO

27 DE FEBREIRO DE 2025 :

PROCEDIMIENTO MONITORIO LABORAL

Durante a tarde do 27 de febreiro tivo lugar na sede colexial é a vez online, a xornada informativa organizada polo Colexio sobre “PROCEDIMIENTO MONITORIO NA XURISDICCION SOCIAL”, coa participación de D. Alberto López Luengo, Letrado da Administración de Xustiza. Xulgados do Social de Pontevedra N°3 que estivo acompañado por Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2ª da Xunta de Goberno, que foi a encargada de presentar e actuar como moderadora dos asistentes e o relator, D. Alberto López Luengo




20 DE MARZO DE 2025

LEI 1/2025, NOVIDADES NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

O xoves 20 de marzo tivo lugar na sede colexial a xornada informativa “LEI 1/2025, NOVIDADES NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL”, coa participación de D. Víctor

Rodríguez Sendón, Letrado da Administración de Xustiza. Xulgados do Social de Vigo Nº5

Javier Rego Martínez, Vocal da Xunta de Goberno, foi o encargado de presentar e acompañar o relator, D. Víctor Rodríguez Sendón




24 DE ABRIL DE 2025

CURSO RENTA 2024

Un ano máis, o Colexio organizou na sede colexial o Curso “IRPF 2024. Campaña da renda en 2025”, impartido por D. José Antonio Fernández Pérez, Técnico de Hacienda destinado na dependencia da Inspección da Agencia Tributaria de Vigo

Marcos Plaza Precedo, Tesorero da Xunta de Goberno, foi o encargado de presentar e acompañar o relator durante o curso.



22 DE MAIO DE 2025

NOVIDADES DE XUBILACIÓN

Celebrada o 22 de maio coa Dirección Provincial do INSS, esta xornada sobre as “Novidades de xubilación” coa intervención de D^a. Iria Janeiro Lorenzo, Subdirectora Provincial de Xubilación, Morte e Supervivencia; acompañada por María Teresa González, vocal da Xunta de Goberno



12 DE XUÑO DE 2025

COMPATIBILIDADE DO DESEMPREGO CO TRABALLO AUTÓNOMO. PAGO ÚNICO

Celebrada o 12 de xuño na sede colexial, a xornada sobre a *Compatibilidade do desemprego co traballo autónomo. Pago único*, para a que contamos como relatora con D^a. Ángela María Paz Cibeira, Directora da Oficina de Prestacións do SEPE en Tui que estivo acompañada por D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente COGRASOP



EN COLABORACIÓN CON OTRAS ENTIDADES

15 DE MAIO DE 2025

INCAPACIDADE PERMANENTE:

- **Reubicación e adecuación do posto de traballo. Xestión polo SPA**
- **Tramitación da prestación de IP, solicitude e grados. Xestión pola Mutua de Accidentes**

Celebrada o 15 de maio na sede colexial, xunto con Quirónprevención, e Asepeyo, mutua colaboradora coa Seguridade Social, na que se tratou a valoración que se realiza desde os Servizos de Prevención de Riscos Laborais da capacidade funcional dunha persoa traballadora que teña recoñecida algunha limitación ou incapacidade para adaptar o seu posto de traballo ou reubicalo, e un achegamento á modificación do artigo 49.1.e do ET., incluíndo a visión desde a Mutua de aqueles casos que lle poidan xurdir ás empresas.



05 DE XUÑO DE 2025

A RELACIÓN LABORAL DESPOIS DA DECLARACIÓN DUNHA IP: EXTINCIÓN OU AXUSTE NECESARIO

Celebrada o 05 de xuño na sede colexial e á vez retransmitida on-line, a xornada formativa "A relación laboral despois da declaración dunha incapacidade permanente: extinción ou axuste necesario" contado para iso con D. José Ignacio Díaz Lucas, Director territorial de Fraternidade-Muprespa e como relatora con D^a. Ana Lorenzo Cárdenes, Coordinadora do departamento de prestacións económicas de Fraternidade-Muprespa; ambos estiveron acompañados por D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria de COGRASOP que presentou e moderou a xornada.

Durante a exposición profundouse nas modificacións introducidas pola Lei 2/2025 do 29 de abril en materia de incapacidade laboral así como, as obrigacións e funcións das principais partes implicadas: Mutuas, traballadores, empresas, Servizos de Prevención e Instituto Nacional da Seguridade Social.




DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O venres 7 de marzo de 2025, con motivo do Día Internacional da Muller e dentro das actividades conmemorativas do centenario da profesión, o Consello Xeral de Graduados Sociais e o Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais organizaron unha xornada no Parador de Santiago de Compostela. O evento reuniu a numerosos graduados e graduadas sociais dos Colexios da Coruña-Ourense, Pontevedra e Lugo, consolidando un espazo de reflexión sobre a igualdade nas relacións laborais e a perspectiva de xénero neste ámbito.



O acto foi inaugurado por Joaquín Merchán Bermejo, presidente do Consello Xeral de Graduados Sociais, xunto a Pablo Fernández López, secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, e Luis Fernando de Castro Mejuto, presidente da Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Durante a xornada, expertos e expertas en dereito laboral e social abordaron temas clave como os avances e retrocesos nos dereitos ao redor da igualdade nas relacións laborais, o papel dos graduados sociais na integración da perspectiva de xénero e o seu impacto na xurisprudencia.



Entre os relatores destacados atopábanse a profesora María Bastida Domínguez (USC), o catedrático Jaime Cabeza Pereiro (Universidade de Vigo), e os xuristas de renome Teresa Conde-Pumpido Tourón e José Fernando Lousada Arochena. Tamén participaron como relatores os presidentes dos Colexios de Alacante, José Crespo Pérez, e de Aragón, Noé Fau Guinda, xunto con Alicia Guerrero Sánchez, membro do Colexio de Málaga e Melilla. Ademais, a xornada incluíu un innovador xogo interactivo Kahoot, no que se abordaron temas sobre igualdade nas relacións laborais e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), e contou coa participación de colexiadas dos tres colexios galegos.

O evento contou coa presenza e o respaldo dos presidentes dos Colexios organizadores: José Lage Cerviño (A Coruña-Ourense), Raúl Eugenio Gómez Villaverde (Pontevedra) e Manuel Núñez Carreira (Lugo), quen ademais preside o Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais.



A clausura do Congreso correu a cargo de Antía Sández Callejo, Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, xunto con Manuel Núñez Carreira e Joaquín Merchán Bermejo. Durante o peche, proxectouse un emotivo vídeo homenaxe ás Graduadas Sociais, destacando a súa contribución histórica á profesión e á igualdade no ámbito laboral. O evento, que tamén foi seguido de maneira telemática por numerosos graduados e graduadas sociais, reafirmou o compromiso da profesión coa equidade de xénero e o papel fundamental dos graduados sociais na defensa dos dereitos laborais en España.



A Xunta de Galicia fíxose eco da celebración deste congreso, reflectindo a importancia da xornada na promoción da igualdade laboral en Galicia. [[Ligazón á noticia da Xunta de Galicia](#)]

V XORNADA LABORALISTA

2025

No día 9 de outubro tivo lugar a V Xornada Laboralista de Pontevedra no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, organizada polo Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, a Fundación Xustiza Social e a colaboración da Facultad. Foi unha xornada dirixida a Graduados/as Sociais e estudantes de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e tamén a outros colectivos entre os que destacamos responsables de Recursos Humanos, Mutuas, Sindicatos e outros traballadores dos despachos de colexiados/as Graduados Sociais.



O acto contou coa participación de destacadas persoas relatoras, que abordaron temas de gran relevancia: “*A DISCRIMINACIÓN INTERSECCIONAL DA MULLER NO ACCESO, PROMOCIÓN E CONSERVACIÓN DO EMPREGO*”, a cargo de D^a Alicia Villalba Sánchez, Profesora Titular de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela; “*CUESTIÓN PRÁCTICA NA ACTUALIDADE. XURISPRUDENCIA DO TS, AUDIENCIA PREVIA, AXUSTES RAZOABLES E DESPIDO E INDEMNIZACIÓN*” a cargo de D. Luis Fernando de Castro Mejuto, Presidente da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; “*INTELIXENCIA ARTIFICIAL, A SÚA INFLUENCIA NA VÍA XUDICIAL*” tendo como relator a D. Javier Martínez Torres, Profesor titular do departamento de Matemática Aplicada I da Universidade de Vigo.



A mesa do acto inaugural estivo integrada por D^a. María Antonia Arias Martínez, Vicedecana de Dereito e Coordinadora do Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo na Universidade de Vigo; D^a. Eva Torrecilla Hernández, Directora da Fundación Xustiza Social; D. José Tronchoni Albert, Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia; D. Jaime Aneiros Pereira, Concelleiro do Concello de Vigo e D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra



Na mesa de clausura estiveron: D. Germán M^a. Serrano Espinosa, Maxistrado-Xuíz Decano dos Xulgados de Vigo; D. Joaquín Merchán Bermejo, Presidente Consello

Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, cedéndolle a clausura a D. Luis Fernando de Castro Mejuto, Presidente da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e D^a. Eva Torrecilla Hernández, Presidenta da Fundación Xustiza Social.



XXXII XORNADAS TÉCNICAS 2025

- Xoves, 6 de novembro de 2025

IMPACTO DA LO 1/2025 NA XURISDICCIÓN SOCIAL

Relator: D. Germán María Serrano Espinosa, Maxistrado Xuíz Decano dos Xulgados de Vigo



- Xoves, 13 de novembro de 2025

ACUMULACIÓN DE ACCIÓNES NO PROCESO LABORAL

Relator: D. Alberto López Luengo, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº3 de Pontevedra



- Xoves, 20 de novembro de 2025

A PLURIACTIVIDADE E PLURIEMPREGO

Relatoras: D^a. María José López Lorenzo, Subdirectora provincial de xestión recadatoria TGSS e D^a. Verónica Solla Iglesias, Directora de programas especiais da TGSS



ACTOS SOLEMNES INSTITUCIONAIS

28 de novembro de 2025. Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra

No Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, celebráronse os Actos Solemnes de Xura/Promesa das novas persoas colexiadas e incorporadas este ano; recoñecemento e entrega de distincións colexiais aos compañeiros e compañeiras que levan colexiados/as 25 anos e a entrega das Coderas de Bronce, Prata e Ouro, ás tres persoas con mellores expedientes académicos da promoción 2021/2025 de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-Universidade de Vigo.



A secretaria, saúda e dá a benvinda ás persoas que compoñen a mesa presidencial, saúda ás autoridades, persoas distinguidas, convidados e convidadas así como ao colectivo presente no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia.



Atril: D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria COGRASOP. Mesa presidencial de esquerda a dereita: D^a. María Belén Fernández Docampo, Vicedecana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; D. José Antonio Rodríguez Fachado, Director Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Pontevedra; D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente COGRASOP; D. Jacinto José Pérez Benítez, Presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra; D. José Fernando Lousada Arochena, Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a COGRASOP

Toma a palabra o Presidente do Colexio, Ilmo. Sr. D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde para a apertura dos Actos Solemnes, dando paso ás intervencións da Vicedecana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, Sra. D^a. María Belén Fernández Docampo; Director Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Sr. D. José Antonio Rodríguez Fachado e o Presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sr. D. Jacinto José Pérez Benítez, que tiveron palabras de felicitación para as novas persoas Graduados/as Sociais e para as mozas con mellores expedientes polo seu tesón e esforzo. Tamén aos compañeiros e compañeiras que recibiron as distincións polas seus 25 anos de colexiación ininterrompida, polo labor desenvolvido en todos estes anos.





Procedeuse ao acto solemne de xura/promesa contando coa presenza do *Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*, **Ilmo. Sr. D. José Fernando Lousada Arochena** como **PADRIÑO** da nova promoción 2025 de colexiados/as, dedicándolles unhas cariñosas palabras de benvida, sendo o encargado da clausura dos Actos.





D. Fernando Carrero Ocampo, Madriña D^a. Rosa Ana Álvarez Bastero

D^a. Irene Domínguez Fonseca, Padriño D. José Ángel Seguíñ Cid

D^a. Samira Faz Pozuelo, Madriña D^a. Ana de la Torre Álvarez

D^a. Paula Febreiro García, Madriña D^a. María Lourdes Quirós Eame

D. Secundino Fernández Guisande, Madriña D^a. María Cristina Martíns Fernández

D^a. María Otero Canabal, Madriña D^a. María José Rodríguez Cid

D^a. Ana Pérez Davila, Madriña D^a. Begoña Carbajal Martínez

D^a. Carla María Salgado Fernández, Madriña D^a. Brenda Senra Costas



ENTREGA DAS DISTINCIÓNS COLEXIAIS AOS 25 ANOS DE COLEXIACIÓN

D^a. Belén Alonso Gallego

D. Juan Manuel Barral Alfonso

D^a. Dulce María Crespo Domínguez

D. Juan Manuel Fandiño Álvarez

D^a. Belén Rivas Torres



ENTREGA DAS CODERAS de Bronce, Prata e Ouro, aos tres mellores expedientes académicos da promoción 2021/2025 de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

D^a. Albany Celeste Álvarez Hernández

D^a. Andrea Fernández Piñeiro

D^a. Irene Gómez Costas



Mesa presidencial, colexiados/as que xuraron/prometeron acompañados/as das súas madriñas e padriños, colexiados/as distinguidos/as, coderas e integrantes da Xunta de Goberno


A xornada dividiuse en dúas partes: a solemne cerimonia de entrega de xuramento de novos colexiados e colexiadas, celebrada no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra e, posteriormente, a cea de confraternidade no Liceo Casino de Pontevedra.

SERVIZO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO LABORAL

Ao longo do ano 2025, continuouse co servizo gratuíto de orientación xurídico laboral que se presta na Sede Colexial. Realizáronse a maioría das consultas de xeito presencial; a excepción dalgunha consulta que, debido a urxencia da resolución ou a imposibilidade de desprazarse á sede colexial o cidadán ou cidadá, realizouse a consulta telefonicamente.

Participan no servizo un total de 17 colexiados e colexiadas que así o solicitan, todo elo, no eido de prestar asesoramento xurídico as persoas sen recursos da Provincia de Pontevedra e a pesar do gran volume de traballo que os compañeiros e compañeiras tiveron nos seus despachos profesionais.

Tal e como se veu de realizar nos anteriores anos, prestouse este servizo en quendas semanais, resultando no ano 2025 un total de 196 consultas realizadas na sede colexial e entre elas 23 consultas urxentes que foron resoltas telefonicamente. A maioría das dúbidas expostas céntranse en temas laborais; cun porcentaxe dun 48% do total, así mesmo tamén existe unha alta demanda de consultas en relación a salarios o 22%.



O día 19 de febreiro de 2025, asinouse un novo Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo para o servizo de Orientación Xurídico-Laboral.

A sinatura deste Convenio supón unha axuda económica para sufragar en parte os gastos que de xeito altruísta viñan asumindo os Colexios e os colexiados/as que prestaban os seus servizos gratuitamente aos solicitantes sen recursos, a través do Servizo de Asesoramento Laboral Gratuíto que, no caso de Pontevedra, opera dende 2017.

BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego é un dos servizos integrados no Colexio de Graduados Sociais cuxa xestión é gratuíta, rápida e confidencial. Os profesionais ou empresas que precisen cubrir un posto vacante poden solicitar que se lles envíe, indicando previamente os requisitos necesarios e unha breve descrición do posto, os currículos de colexiados/as que estean interesados/as, todo elo para a súa cobertura.

A empresa deberá enviar á Secretaría do Colexio os datos de contacto, que serán confidenciais e quedarán a disposición do Colexio con este único fin. Posteriormente, procederase ao envío dos currículos recibidos por correo electrónico dos colexiados/as interesados/as inscritos a través da referencia asignada á oferta sendo a propia empresa a que se porá en contacto co candidato/a que lle interese e encaixe co perfil solicitado para concertar a entrevista.

Poden formar parte da Bolsa de Emprego, tódolos aqueles colexiados/as que estean en busca activa ou cambio para a mellora do emprego. Unha vez recibida a solicitude da vacante no Colexio, comunícase aos colexiados/as da oferta de emprego dispoñible para que os que estean interesados/as remitan os seus datos actualizados e poder facilitalos ó profesional ou empresa. Con isto logramos mellorar a busca de posibles candidatos/as así como, axudar aos Graduados/as Sociais na súa procura activa de emprego.

O longo do 2025, recibíuse no Colexio un total de 35 ofertas de emprego, ofrecendo na súa maioría un posto de Graduado/a Social a tempo completo nos departamentos laborais de diferentes empresas.

BASE DE DATOS

O Colexio dende hai anos vén proporcionando aos colexiados e colexiadas a través da Web Corporativa do Colexio unha base de datos xurídica de acceso gratuíto para todos e todas.

Ante o vencemento do contrato con DATALEY e unha vez recibidas as respostas á enquisa enviada a todas as persoas colexiadas sobre a base de datos; en Xunta de Goberno aprobouse o cambio á **BASE DE DATOS TIRANT LO BLANCH**, **unicamente en materia de LABORAL**

- **Contidos accesibles da base de datos Tirant Asesores**

A Editorial Tirant o Blanch facilitará o acceso aos seguintes contidos:

- Lexislación: Tratados e Convenios Internacionais, Comunitaria, Estatal, Autonómica, Foral e unha gran cantidade de Ordenanzas Locais.
- Toda a Xurisprudencia incluída en Tirant Asesores, así como as Resolucións Administrativas e consultas en materia laboral.
- Formularios: Acceso a todos os formularios, tanto substantivos como procesuais contidos na base de datos así como ás actualizacións dos mesmos en materia laboral
- A incorporación de Esquemas procesuais e substantivos de todos os ámbitos xurídicos (Laboral).
- Todos os Convenios Colectivos, estatais, autonómicos, provinciais e selección de Convenios de Empresa.
- Axudas e Subvencións, estatais e autonómicas.
- Ferramentas Salariais: Programa de xestión para cálculo de nóminas, indemnizacións, selector de contratos...

- Cálculo de Pensións: Programa para o cálculo de cada un dos tipos de pensións.
- Cálculo de Intereses Legais e rendas
- Calculadora de Taxas Xudiciais.
- Doutrina administrativa: DXT, Mº de Traballo, AEAT, ICAC, Notariado.
- Servizo de Novidades. Os Colexiados dispoñerán dun boletín específico de novidades no que atoparán todas as novidades lexislativas, xurisprudenciais, doutrinais e bibliográficas para que estean ao tanto do que sucede na actualidade xurídica.
- Foros Xurídicos e Servizo de Novidades RSS

- **Servizos exclusivos da Editorial**

A Editorial facilitará os seguintes servizos exclusivos:

- Servizo de atención ao colexiado/a 12 por 365 (doce horas diarias todos os días do ano).
- Servizo “Asistente documental”. É un servizo gratuíto a través do cal se poden obter documentos de Xurisprudencia e Lexislación aínda que non se achen na base de datos.
- TirantAsesores permite un servizo de personalización da información mediante o cal cada usuario/a pode “gardar” documentos, procuras ou o que desexe de forma que converte a Base de datos na súa base de datos particular.

Para acceder a Base de Datos os colexiados e colexiadas deben entrar na páxina web corporativa do Colexio e dirixirse a pestana BASE DE DATOS do menú, unha vez identificado/a coas súas claves persoais no apartado de acceso de usuarios/as.

CENSO

COLEXIADOS/AS

2025

11 ALTAS

8 non exercente

2 exercente de

empresa

1 exercente libres

13 BAIXAS

4 non exercente

4 exercentes libres

4 exercente de

empresa

1 emerito

7 MODIFICACIÓNS

1 de N.E. a E.L.

2 de N.E. a E.E.

2 de N.E. a EMÉRITO

1 de E.E. a EMÉRITO

1 de E.L. a EMÉRITO

TOTAL COLEXIADOS/AS A 31 DE DECEMBRO 2024:

396

Non exercente

135

Eméritos

32

Exercente de empresa

58

Exercentes libres

171

TOTAL COLEXIADOS/AS A 31 DE DECEMBRO 2025:

394

Non exercente

134

Eméritos

35


Exercente de empresa

57

Exercentes libres

168

COMPARATIVA CENSO 2024 - 2025



135 NON EXERCENTES
47 HOMES
88 MULLERES
168 EXERCENTES LIBRES
74 HOMES
94 MULLERES
57 EXERCENTES DE EMPRESA
7 HOMES
50 MULLERES
34 EMERITOS
23 HOMES
11 MULLERES



INFORME ANUAL DE XESTIÓN ECONÓMICA

Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo:

GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CONVENIO COLECTIVO OFICINAS E DESPACHOS

SALARIOS BRUTOS:	46.911,86 €
SEGUROS SOCIAIS:	15.039,20 €
PRESTACIÓN ENF. C.:	- 185,32 €
TOTAL CUSTE PARA O COLEXIO	61.765,74 €

Gastos de desprazamento e gastos ocasionados polos membros da Xunta de Goberno no desempeño das súas funcións.

Conforme ao artigo 41.1 dos Estatutos, o exercicio dos cargos de Presidente e vogal da Xunta de Goberno terá carácter obrigatorio, honorífico e gratuíto, sendo así que a totalidade dos membros da Xunta de Goberno non percibiron remuneración algunha polo exercicio dos seus cargos nin polos traballos realizados para o Colexio, aboándose en concepto indemnizador os gastos de desprazamento e os gastos ocasionados por estes no desempeño das súa funcións, reflectidos na contabilidade na conta 627 como segue:

Gastos de desprazamento e representación Presidencia e Xunta de Goberno:

GASTOS DESPRAZAMENTO PRESIDENTE E X. DE GOBERNO:	7.503,55 €
GASTOS REPRESENTACIÓN:	714,10 €
GASTOS REPRESENTACIÓN PRESIDENTE:	430,63 €
GASTOS REPRESENTACIÓN XUNTA DE GOBERNO:	2.157,17 €
TOTAL	10.805,45 €



b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

DE EXERCENTES LIBRES DA PROFESIÓN POR CONTA PROPIA

Cota incorporación ao Colexio: 198,64 €

Cota mensual: 43,67 €

DE EXERCENTES DA PROFESIÓN POR CONTA ALLEA

Cota incorporación ao Colexio: 129,55 €

Cota mensual: 29,11 €

DE NON EXERCENTES

Cota incorporación ao Colexio: 85,64 €

Cota mensual: 14,56 €

PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS SANCIONADORES

E

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzado firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Non se produciu durante o ano 2025, ningunha instrución nin expediente informativo, relativo a este apartado.

QUEIXAS RECLAMACIÓNS

E

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

LEI 25/2009 (Lei Ómnibus) Art. 5.-e LEI 1/2010, de 11 de febreiro da C.A. de Galicia e a LEI 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeneral das persoas consumidoras e usuarias,(DOG de 11 de abril de 2012)



RECLAMACIÓN E QUEIXAS:

O Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores no exercicio 2025 non tivo ningunha entrada na secretaría

Queixas e Reclamacións	31-12-2025 0
------------------------	------------------------

PRENSA E REDES SOCIAIS

21 de enero
Día internacional de la mediación

DÍA DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT
23 DE ENERO
 Patrono de los juristas, un hombre cuyo trabajo y compromiso marcaron un antes y un después en la historia de derecho.

Día de la Justicia Social
20 de febrero

8 DE MARZO
DÍA DE LA MUJER

Hoy 28 de abril celebramos el día Mundial de la Seguridad y Salud en el trabajo

1 DE MAYO
DÍA INTERNACIONAL DE LAS PERSONAS TRABAJADORAS

12 DE JUNIO
DÍA MUNDIAL CONTRA EL TRABAJO INFANTIL

27 de JUNIO
Día de las Microempresas y PYMES
 "Porque son el alma del tejido productivo español"

28 de Junio
Día del Orgullo
 La igualdad es derecho, ¡por una diversidad laboral y social!

Día de la Justicia Gratuita y Turno de Oficio
12 de julio
 "Porque nuestra profesión tiene un papel fundamental en la defensa de los derechos laborales y sociales, especialmente de aquellos colectivos más vulnerables."

El talento no entiende de géneros. El salario, tampoco debería.
18 de Septiembre
Día Internacional de la Igualdad Salarial

2 de Octubre
Día Internacional de la No Violencia

